



CADERNO TIL

CEIP SANTA BAIA

Indicacións para:

- Elaboración dun resumo.
- Elaboración dun esquema.
- Elaboración dunha descrición.
- Elaboración e presentación de traballos orais e escritos.





CADERNO TIL



Índice	Páx.
1. Introducción ao tratamento integrado das linguas, TIL.	3
2. Que é o caderno TIL e a quen vai destinado.	3
3. Indicacións para a elaboración dun resumo: definición, proceso, exemplos e listaxe verificación.	4
4. Indicacións para a elaboración dun esquema: definición, proceso, exemplos e listaxe verificación.	9
5. Indicacións para a elaboración dunha descrición: definición, proceso, exemplos e listaxe verificación.	14
6. Indicacións para a elaboración e presentación de traballos orais e escritos.	18



CADERNO TIL



1. INTRODUCCIÓN AO TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS, TIL.

O Tratamento Integrado de Linguas, TIL, ten como finalidade facilitar que o alumnado sexa competente para facer transferencias lingüísticas entre idiomas, o que redundará nunha mellora da calidade do proceso de ensino-aprendizaxe.

O enfoque comunicativo consiste na aprendizaxe dunha lingua traballando aspectos orais e escritos con materiais e situacións próximos á realidade, para facilitar o desenvolvemento da capacidade de comunicación en distintos contextos.

2. QUE É O CADERNO TIL E A QUEN VAI DESTINADO.

Consideramos que o caderno TIL é unha ferramenta tanto para o profesorado como para o alumnado, que pode facilitar a estruturación e elaboración de distintos tipos de textos, propiciando unha continuidade nas distintas áreas ao longo dos cursos.



3. INDICACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DUN RESUMO: DEFINICIÓ, PROCESO, EXEMPLOS E LISTAXE DE VERIFICACIÓ.

❖ DEFINICIÓ

Un resumo é unha exposición, oral ou escrita, que se usa para sintetizar as ideas máis relevantes dun texto de forma concisa, organizada e coherente.

❖ PROCESO

Os pasos para facer un resumo son:

1. Lectura comprensiva do texto.
2. Subliña e copia as ideas principais.
3. Le as ideas principais e relaciónaaas.
4. Escribe un borrador (ideas principais) coas túas propias palabras sen copiar frases do texto.
5. Utiliza frases curtas, pero completas e ben redactadas.
6. Emprega a terceira persoa en todo o resumo (forma verbal).
7. Evita interpretacións e valoracións propias.
8. Respecta as propiedades do texto (adecuación, coherencia e cohesión).
9. Le o borrador e comproba que se entende.
10. Pásao a limpo con boa letra.

❖ EXEMPLOS

EXEMPLO 1. 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O DEPORTE

(texto orixinal)

Practicar deporte é moi importante para o ser humano, sexa cal sexa a súa idade. Consiste en dedicar parte do noso tempo a facer actividade física, é dicir, facer exercicio movendo as partes do noso corpo. Cando facemos deporte divertímonos e pasámolo ben.

Hai deportes individuais como a natación e deportes en grupo como o fútbol. Todos eles teñen unha serie de normas que deben ser respectadas e cumpridas. Esas son as regras do xogo.



CADERNO TIL



Cando practicas deporte para conseguir un trofeo ou unha medalla, falamos de deportes de competición. Neste caso, o deportista debe adestrar moito para acadar o obxectivo, que é gañar.

O deporte ten moitos beneficios. Axúdanos a fortalecer os nosos músculos e ósos, e en xeral mellora a nosa condición física e o aspecto do noso corpo. Ademais, o exercicio divírtenos e reláxanos, polo que teremos bo humor durante o día, estaremos máis concentrados na clase e durmiremos mellor pola noite.

O deporte ensínanos a esforzarnos polas cousas e tentar superar as dificultades. Tamén aprendemos a xogar cos demais, a respectar ao rival e, aínda que non gañemos sempre, o importante é gozar do xogo.

O DEPORTE

(texto subliñado, paso 2)

Practicar deporte é moi importante para o ser humano, sexa cal sexa a súa idade. Consiste en dedicar parte do noso tempo a facer actividade física, é dicir, facer exercicio movendo as partes do noso corpo. Cando facemos deporte divertímonos e pasámolo ben.

Hai deportes individuais como a natación e deportes en grupo como o fútbol. Todos eles teñen unha serie de normas que deben ser respectadas e cumpridas. Esas son as regras do xogo.

Cando practicas deporte para conseguir un trofeo ou unha medalla, falamos de deportes de competición. Neste caso, o deportista debe adestrar moito para acadar o obxectivo, que é gañar.

O deporte ten moitos beneficios. Axúdanos a fortalecer os nosos músculos e ósos, e en xeral mellora a nosa condición física e o aspecto do noso corpo. Ademais, o exercicio divírtenos e reláxanos, polo que teremos bo humor durante o día, estaremos máis concentrados na clase e durmiremos mellor pola noite.

O deporte ensínanos a esforzarnos polas cousas e tentar superar as dificultades. Tamén aprendemos a xogar cos demais, a respectar ao rival e, aínda que non gañemos sempre, o importante é gozar do xogo.



O DEPORTE

(Resumo)

O deporte é moi importante para as persoas e consiste en facer exercicio movéndonos. Existen deportes individuais (natación) e en grupo (fútbol), cunhas normas que todos deben cumprir.

Tamén hai deportes de competición co obxectivo de gañar un trofeo ou medalla.

A súa práctica ten moitos beneficios e mellora a nosa condición física, ademais de proporcionar diversión e relax.

O deporte ensina a esforzarse e a superar as dificultades xa que o importante é gozar do xogo.

EXEMPLO 2. 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A HISTORIA DO CHOCOLATE

(texto orixinal)

Sábese que o primeiro lugar onde se cultivou foi México. Alí, o pobo maia descubriu que se os grans de cacao eran asados e mesturados con auga e outros ingredientes como o millo, o resultado era unha bebida rica e nutritiva, á que chamaban "Xocolatl", que ao parecer significa "auga".

Despois chegaron os Aztecas, que prepararon un chocolate moi parecido ao dos maias. A diferenza era que os maias bebíano quente e os Aztecas frío.

Cando os españois chegaron a América en 1492, viron por primeira vez o cacao e os grans de cacao, xa que non existían en Europa. Conta a lenda que o conquistador español Hernán Cortés foi o primeiro en probar a estraña e descoñecida bebida, pareceulle deliciosa e nutritiva. A partir de entón, os barcos comezaron a regresar a España cargados de grans de cacao e a receita para preparar o chocolate líquido.

Como era unha bebida amarga, en España engadíronse azucre e vainilla e o resultado foi espectacular. O chocolate comezou a ser consumido polos máis ricos porque era un alimento bastante caro. Anos máis tarde, durante o século XVII, o chocolate comezou a ser coñecido no resto de Europa, converténdose nun produto moi apreciado. No século XVIII, en Inglaterra, fíxose o primeiro chocolate sólido, é dicir, un chocolate que se podía mastigar.



CADERNO TIL



Hoxe en día, o chocolate é coñecido en todo o mundo e grazas aos avances técnicos, desfrutamos de moitos tipos e variedades, como fondant, chocolate con leite, chocolate con froitos secos, chocolate instantáneo... A lista é case infinita!

Se se come con moderación, o chocolate é un alimento saudable. Aumenta a nosa enerxía e mellora o noso estado de ánimo. Ademais, é bo para o bo funcionamento do cerebro e do corazón.

A HISTORIA DO CHOCOLATE

(texto subliñado, paso 2)

Sábese que o primeiro lugar onde se cultivou foi México. Alí, o pobo maia descubriu que se os grans de cacao eran asados e mesturados con auga e outros ingredientes como o millo, o resultado era unha bebida rica e nutritiva, á que chamaban "Xocolatl", que ao parecer significa "auga".

Despois chegaron os Aztecas, que prepararon un chocolate moi parecido ao dos maias. A diferenza era que os maias bebíano quente e os Aztecas frío.

Cando os españois chegaron a América en 1492, viron por primeira vez o cacao e os grans de cacao, xa que non existían en Europa. Conta a lenda que o conquistador español Hernán Cortés foi o primeiro en probar a estraña e descoñecida bebida, pareceulle deliciosa e nutritiva. A partir de entón, os barcos comezaron a regresar a España cargados de grans de cacao e a receita para preparar o chocolate líquido.

Como era unha bebida amarga, en España engadíronse azucres e vainilla e o resultado foi espectacular. O chocolate comezou a ser consumido polos máis ricos porque era un alimento bastante caro. Anos máis tarde, durante o século XVII, o chocolate comezou a ser coñecido no resto de Europa, converténdose nun produto moi apreciado. No século XVIII, en Inglaterra, fíxose o primeiro chocolate sólido, é dicir, un chocolate que se podía mastigar.

Hoxe en día, o chocolate é coñecido en todo o mundo e grazas aos avances técnicos, desfrutamos de moitos tipos e variedades, como fondant, chocolate con leite, chocolate con froitos secos, chocolate instantáneo... A lista é case infinita!



CADERNO TIL



Se se come con moderación, o chocolate é un alimento saudable. Aumenta a nosa enerxía e mellora o noso estado de ánimo. Ademais, é bo para o bo funcionamento do cerebro e do corazón.

A HISTORIA DO CHOCOLATE

(Resumo)

O cacao apareceu en México e foi cultivado polos maias. Era unha bebida rica e nutritiva, chamada “Xocolatl”.

Os maias bebían o cacao quente e os aztecas frío.

Co descubrimento de América, no 1492, Hernán Cortés probou esta bebida e levouna para España.

Alí engadíronlle azucre e vainilla porque era amargo. No século XVII estendeuse por Europa e no S. XVIII fíxose o primeiro chocolate sólido en Inglaterra.

Hoxe en día existen moitos tipos de variedades de chocolates no mundo.

Con moderación, é un alimento saudable, dá enerxía, ánimo e é bo para o corazón e o cerebro.

❖ LISTAXE VERIFICACIÓN

LISTAXE DE VERIFICACIÓN	NON	MAL	BEN
1. Identifica a idea principal.			
2. Capacidade de expresión propia (sen copiar o texto).			
3. Elabora e constrúe un novo texto.			
4. Redacta un novo texto (con sentido e orde).			
5. Expón a información sen opinións nin valoracións, usando a 3ª persoa.			
6. Respecta as normas ortográficas.			
7. Respecta as normas gramaticais.			
8. Respecta as normas de presentación de tarefas.			



4. INDICACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DUN ESQUEMA: DEFINICIÓN, PROCESO, EXEMPLOS E LISTAXE DE VERIFICACIÓN.

❖ DEFINICIÓN

Un esquema é unha representación gráfica da asociación de ideas e conceptos que se relacionan entre si, e entre os que se establecen relacións de xerarquía.

PARA QUE SERVE UN ESQUEMA:

Para explicar conceptos complexos ou como método de estudo.

CARACTERÍSTICAS DUN ESQUEMA:

- É unha representación gráfica. A maneira de relacionar os conceptos ou ideas é a través de liñas, formas, cores..
- Debe ser concreto, debe conter toda a información necesaria resumida en poucas palabras ou conceptos breves.
- A función do esquema é a de resumir.
- Ten unha ou unhas poucas ideas principais.

❖ PROCESO

Os pasos para facer un esquema son:

1. Lectura rápida.
2. Lectura comprensiva do texto.
3. Subliña de ideas principais ou palabras clave.
4. Escribir as ideas de forma ordenada segundo a súa importancia.

❖ EXEMPLOS

EXEMPLO 1. 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A TERRA

(texto orixinal co subliñado do paso 3)

A. As capas da Terra.

O noso planeta componse de tres capas: a xeosfera, a hidrosfera e a atmosfera.

A xeosfera é a parte sólida do planeta que forma os continentes e as illas.

A hidrosfera é o conxunto de auga do planeta: mares, océanos, ríos, lagos, xeo, neve.

A atmosfera é a capa de aire que rodea a Terra. Componse de diversos gases, como o osíxeno, necesario para os seres vivos.



CADERNO TIL



B. A Terra móvese no espazo.

Aínda que non o notamos, a Terra está en constante movemento.

a. A Terra xira sobre si mesma.

O movemento de rotación é o xiro que fai o planeta sobre si mesmo. En dar unha volta completa tarda 24 horas, isto é, un día.

O movemento de rotación ocasiona os días e as noites. Debido a que a Terra xira sobre si mesma, a zona iluminada polo Sol cambia:


- Na parte iluminada polo Sol é de día.
- Na parte non iluminada é de noite.

b. A Terra xira arredor do Sol.

É o movemento de translación o que fai que a Terra xire arredor do Sol. O noso planeta tarda 365 días e 6 horas en dar unha volta completa ao Sol, isto é, un ano.

O movemento de translación dá lugar ás estacións: primavera, verán, outono e inverno.

(Texto extraído de Comunidade Zoom Ciencias Sociais 3º Ed. Vicens Vives)





EXEMPLO 2. 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OS CLIMAS DE ESPAÑA

(texto orixinal co subliñado do paso 3)

A maior parte do territorio español (Península e Baleares) ten un clima temperado coas variantes atlántica, mediterráneo, mediterráneo-continental e de montaña. A única excepción son as illas Canarias que teñen un clima cálido (subtropical).

A. As diferenzas de clima en España.

Débense a factores xeográficos:

- Latitude. As illas Canarias teñen un clima cálido pola súa situación latitudinal na zona cálida da Terra, mentres que o resto do territorio español está na zona temperada.
- Influencia do mar. O mar suaviza as temperaturas e regula as precipitacións. Chove máis na zona do Atlántico e do Cantábrico que no Mediterráneo.
- Disposición periférica do relevo peninsular. As principais cordilleiras impiden que a influencia do mar chegue ás terras da Meseta, cuxas temperaturas son máis extremas, invernos moi fríos e veráns moi cálidos, que as da costa.

B. Climas de España.

a. Clima mediterráneo-continental.

- Temperaturas que oscilan fortemente durante o ano, veráns moi calorosos e invernos fríos.
- Precipitacións bastante escasas. Concéntranse en outono e primavera.

b. Clima de montaña

- Temperaturas moi baixas con invernos fríos e longos e veráns frescos e curtos.
- Precipitacións abundantes e en forma de neve no inverno.

c. Clima mediterráneo.

- Temperaturas suaves no inverno e veráns bastante calorosos.
- Precipitacións escasas e irregulares. En primavera e outono poden ser torrenciais. No sur, o clima é máis árido e caloroso.



CADERNO TIL




d. Clima subtropical.

- **Temperaturas** que oscilan pouco durante o ano, invernos moi suaves e veráns moderadamente cálidos.
- **Precipitacións escasas** agás nas zonas máis elevadas.

e. Clima oceánico.

- **Temperaturas suaves** caracterizado por moderadas oscilacións térmicas.
- **Precipitacións abundantes** e ben distribuídas aínda que cun máximo invernol.

(Texto extraído de Comunidade Zoom Ciencias Sociais 5º Ed. Vicens Vives)





CADERNO TIL



❖ LISTAXE VERIFICACIÓN

LISTAXE DE VERIFICACIÓN	NON	MAL	BEN
1. Subliña as ideas correctamente.			
2. Enuncia adecuadamente as ideas.			
3. Organiza adecuadamente as ideas.			
4. Xerarquiza adecuadamente (sen repeticións ou ausencia de ideas clave)			
5. Expón de forma resumida as ideas.			
6. Respecta as normas ortográficas.			
7. Respecta as normas gramaticais.			
8. Respecta as indicacións para a presentación de tarefas: claridade, letra lexible, limpeza.			



5. INDICACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DUNHA DESCRICIÓN: DEFINICIÓN, PROCESO, EXEMPLOS E LISTAXE DE VERIFICACIÓN.

❖ DEFINICIÓN

Describir é explicar, de maneira detallada e ordenada, como é algo que vemos ou coñecemos.

Empezaremos polas características xerais ata chegar aos detalles máis pequenos.

❖ PROCESO

Os pasos para facer unha descrición son:

1. **Observación.** O primeiro paso é observar e anotar as características principais.
2. **Selección.** Non é necesario que se describa todo o que se observe. Centraremos nas características que resultan significativas.
3. **Ordenación.** Pensaremos a orde na que imos describir, de arriba abaixo, de esquerda a dereita, de dentro a fóra. As persoas e animais pódense describir polo seu aspecto físico e polo seu carácter. Céntrate primeiro no aspecto e despois no outro.
4. **Redacción.** É necesario elixir o vocabulario axeitado, pensar os adxectivos apropiados e usar comparacións.

❖ EXEMPLOS

EXEMPLO 1. DESCRIBIR A UNHA PERSOA

Para **describir a unha persoa (retrato)** é esencial que iniciemos o texto presentándoa, é dicir, quen é ou que relación ten contigo. Despois fixarémonos nas características físicas xerais (alto/baixo, delgado/gordíño...), noutros aspectos como a forma da cara, a cor do pelo, dos ollos e nas de personalidade e carácter (divertido, simpático, intelixente, solidario...). Tamén teremos en conta outras cuestións como a que se dedica, que lle gusta facer no seu tempo libre...

Exemplo:

Sara é unha das miñas mellores amigas. Coñecémonos hai dous anos nun curso de natación. Ten 10 anos, é alta e un pouco grosa, co pelo longo, rizado e dun ton castaño. Ten a cara redonda e os ollos pequenos, dunha cor verde esmeralda moi



bonita. Adoita vestir con cores moi rechamantes e encántalle levar roupa deportiva, como chándal ou mallas.

Unha das cousas que máis me gustan da miña amiga Sara é que é unha moza moi agradable e extravertida. Case nunca se enfada e sempre ten un sorriso na boca. Con todo, ás veces, é un pouco despistada e tende a esquecerse das cousas con facilidade, como os deberes por iso non saca moi boas notas. No seu tempo libre gústalle ir ao parque e á miña casa. De feito pasámonos moitas tardes xuntos, xogando e falando. Estou moi contento de tela como amiga, porque con ela pásoo xenial!

EXEMPLO 2. DESCRIBIR ANIMAIS

Para **describir os animais** explícanse como son e como se comportan. Úsanse palabras moi específicas por exemplo: pelo, orellas, cola, rabo, fociño, peteiro; e especificacións coma se é duro, suave, afiadas, fortes, etc. Tamén podemos describir aos animais falando sobre como se alimenta, o tipo de animal que é, o seu tamaño, etc.

Exemplo:

A miña gata chámase Lúa. Cremos que ten un ano, pero non o sabemos de certo porque é adoptada. Non é moi grande e pesa aproximadamente tres quilos e medio. Ten o pelo de tres cores: branco, negro e acastañado. A súa cara é preciosa, cuns ollos verdes enormes e uns bigotes moi longos e brancos. A súa cola é moi peluda e semella un plumeiro.

É agarimosa e sempre que chego á casa vén saudarme, fregando o seu corpo contra as miñas pernas, e cando a acariño ronronea suavemente. Dorme gran parte do día, pero cando está esperta é bastante activa e gústalle xogar cos seus xoguetes e correr polo corredor. É moi limpiña, sempre usa o seu recipiente de area e dedica moito tempo a lamber o seu pelo.

Come penso para gatos, pero ás veces dámoslle o que para ela é unha lambetada: atún ao natural. Gústalle tanto como a min ela! Adoro a miña gata!



CADERNO TIL



EXEMPLO 3. DESCRIBIR OBXECTOS

Para describir obxectos, detállanse a forma, o tamaño, a cor, o material do que están feitos, que función fan... Algúns obxectos poden ter termos moi específicos por exemplo un ordenador, úsanse palabras como pantalla, rato, teclado...

Exemplo:

A lavadora é un electrodoméstico fundamental nas nosas vidas. A de traballo que nos aforra!

Ten forma de prisma e normalmente é de cor branca. Na parte frontal superior ten un pequeno caixón para poñer o deterxente, o suavizante e a lixivia. Ao seu lado, atópanse os botóns para programar os lavados. No centro, hai unha porta redonda por onde se pode meter e sacar a roupa. Dentro ten un tambor que xira, para facilitar o lavado.

Este electrodoméstico serve para lavar a roupa e algún tipo de calzado. E algunhas son tamén secadoras. Que sorte temos de que existan!

EXEMPLO 4. DESCRIBIR UN LUGAR

Para **describir ben un lugar** debemos dicir onde se atopa, como é, que elementos hai nel, que sensacións nos transmite...

Exemplo:

No cadro, podemos ver unha paisaxe de costa, situado ao pé dunha serra.

O ceo ten un ton azul claro e sobre os cumes das montañas ao fondo, asoman unha masa de nubes brancas e espesas que parecen de algodón.

Aos pés da montaña vemos unha aldeíña con casas de diferentes formas, alturas e cores. Rodeando ao pobo, coma se o protexesen, árbores altas e non moi grosas.

En primeiro plano, observamos unha praia de augas tranquilas e area escura.

O lugar produce sensación de quietude, calma e tranquilidade. Tamén de soidade, ao non verse persoas ou animais.



CADERNO TIL



❖ LISTAXE DE VERIFICACIÓN

LISTAXE DE VERIFICACIÓN	NON	MAL	BEN
1. Aparecen as características xerais.			
2. Fai referencia as características máis significativas.			
3. Segue unha orde axeitada.			
4. Usa o vocabulario apropiado.			
5. Respecta as normas ortográficas.			
6. Respecta as normas gramaticais.			
7. Respecta as indicacións para a presentación de tarefas: claridade, letra lexible, limpeza.			



6. INDICACIÓNS PARA A ELABORACIÓN E PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ORAIS E ESCRITOS.

PRESENTACIÓN DE TRABALLO ORAL

Os pasos para facer unha presentación oral son:

1. **Preparar a exposición.** De que vas falar e que coñecementos tes sobre o tema.
2. **Elaborar un guión.** Anotacións sobre detalles que debes recordar.
3. **Non alargar moito.** Usar expresións sinxelas de uso cotiá e que dominemos.
4. **Falar amodo.**
5. **Usar materiais de apoio.** Fotos, imaxes, guión...
6. **Usar xestos que reforcen o que estás contando.** Sinalar a imaxe...
7. **Ensañar en voz alta antes da exposición, só ou diante dalgunha persoa.**

PRESENTACIÓN DE TRABALLO ESCRITO

Os pasos para facer un traballo son:

1. **Recolecta a información** necesaria.
2. **Organiza** a información nun esquema.
3. Redacta un primeiro borrador coa información máis importante.
4. **Revisa** ese primeiro **borrador** para ver se che falta ou sobra algo e comprobar a **ortografía** e a **redacción**.
5. Prepara o traballo final que deberá contar cos seguintes apartados:
 - **Portada** co título e ilustración sobre o tema se a consideras axeitada.
 - **Índice** cos puntos que vas a desenvolver.
 - **Introdución**, explicando brevemente sobre que vai o traballo.
 - **Corpo do traballo** que deberá contar cos puntos desenvolvidos sobre o tema ben ordenados e numerados, pode ir acompañado de fotos e imaxes.
 - **Conclusión final**, na que podes facer un breve resumo ou dar a túa opinión persoal sobre o tema tratado.
 - **Bibliografía, webgrafía** ou fontes que usaches para facer o traballo.



CADERNO TIL



FORMATO DE ENTREGA DUN TRABALLO ESCRITO (MANUAL)

1. Entregaranse escritos con bolígrafo azul ou negro. Na portada poderás ser todo o creativo que queiras.
2. Coidarase a limpeza e a orde.
3. Claridade na letra (que sexa lexible).
4. Respetaranse:
 - a. As marxes e o espazo entre as liñas, pódese usar un modelo.
 - b. Diferenciaranse os parágrafos, saltaremos unha liña para marcar a separación.
5. Escribe **preferiblemente en folios brancos**. Para non torcerte nas liñas, podes usar un folio raiado debaixo como guía ou marcar suavemente con lapis unhas liñas que deberás borrar ao finalizar a escrita.
6. No caso de que ocupe máis dun folio, entregaranse grampados na marxe esquerda ou encadernados.
7. Non esquezas **poñer** na portada o teu **nome** e numerar as páxinas.

FORMATO DE ENTREGA DUN TRABALLO ESCRITO DIXITAL (PROCESADOR DE TEXTOS)

1. Usar formato páxina tamaño A4, marxes xa establecidos polo programa (2,5 nas marxes superior e inferior; e 1,9 nas marxes esquerda e dereita) e folio en branco.
2. Espazo entre liñas 1,5.
3. Formato de letra: tamaño 12, tipografía: ARIAL, CALIBRÍ, TIMES NEW ROMAN.
4. Tamaño letra do título 18.
5. Inserir (introducir) número de páxina na parte inferior do folio no centro

LISTAXE DE VERIFICACIÓN	NON	MAL	BEN
1. Consta de portada, índice, introdución, corpo do traballo, conclusión e bibliografía.			
2. Coida a limpeza e a letra é lexible.			
3. Respecta as marxes.			
4. Respecta as normas ortográficas.			
5. Respecta as normas gramaticais.			
6. A información que se ofrece é axeitada ao tema do traballo.			



GRUPO DE TRABALLO TIL CEIP SANTA BAIA